



Asunto: Proposta modificación RPT tres postos Profesor/a Numerario/a

Con datas 06/10/2025 e 27/11/2025 foron publicadas no DOG resolucións de elección de destino definitivo das persoas aspirantes que superaron os procesos de estabilización de Profesores/as Numerarios/as de Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros das especialidades de Intervencións Subacuáticas e Hiperbáricas e de Navegación Marítima, respectivamente.

Co obxecto de posibilitar o nomeamento como persoal funcionario de carreira de tres persoas aspirantes (unha da especialidade de Intervencións Subacuáticas e Hiperbáricas e dúas da de Navegación Marítima), propónse a modificación dos postos seguintes:

- **POSTO PE.C99.40.301.36235.019** Profesor especialidade Intervencións Subacuáticas e Hiperbáricas, no Instituto Galego de Formación en Acuicultura, na Illa de Arousa.

Proposta de Modificación: Modificación do código de formación específica 698

Redacción actual do código 698: Estar en posesión do título de mergullador instrutor profesional e ter algunha das especialidades do ciclo de grao medio en operacións subacuáticas e hiperbáricas (R.I.).

Redacción proposta do Código 698: **Estar en posesión do título de mergullador instrutor profesional (R.I.).**

- **POSTO PE.C99.40.301.15350.005** Profesor/a especialidade Navegación Marítima, na escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

Proposta de modificación: Eliminar o código de formación específica 434: Título Profesional de Capitán da Mariña Mercante ou de Piloto da Mariña Mercante (R.I.)

- **POSTO PE.C99.40.301.15350.015** Profesor/a especialidade Navegación Marítima, na escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

Proposta de modificación: Eliminar o código de formación específica 434: Título Profesional de Capitán da Mariña Mercante ou de Piloto da Mariña Mercante (R.I.)

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

